

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás 11.00 horas do día dezasete de xaneiro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, por delegación o Sr. Suarez Sánchez, o titular da Asesoría Xurídica, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(20).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES REALIZADOS NO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NO MES DE DECEMBRO DE 2010. EXPTE. 59185/301.

Dáse conta dos contratos menores realizados no departamento de Benestar Social no mes de decembro 2010, segundo informe da técnica de Actividades Económicas:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
09/12/10	REPARACIÓN E MANTEMENTO DE UBAS	2120000	201000088811	3.000,00	VARIOS
27/12/10	REPARACIÓN E MANTEMENTO DE UBAS	2120000	201000095509	6.221,07	VARIOS
30/12/10	SUMINISTROS	2219900	201000097614	3.000,00	VARIOS
23/12/10	PUBLICIDADE AXUDAS LIBROS E COMEDOR ESCOLAR	2260200	201000095248	10.273,25	DE BOCA A BOCA DISEÑO Y COMUNICACIÓN
27/12/10	IMPRESIÓN POLÍPTICOS DIFUSION PROGRAMAS BENESTAR SOCIAL	2260200	201000095505	21.238,00	ANONIMO PUBLICIDAD, S.L.
15/12/10	PROG. CRECENDO NA DIVERSIDADE	2260901	201000090883	17.950,00	ALGALIA
15/12/10	FESTA NADAL DO SAF	2260902	201000090833	4.000,00	CLECE, S.A.
20/12/10	ENTREGA PREMIOS OUTONO CULTURAL	2260902	201000091799	791,04	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
20/12/10	CATERING ACTO CLAUSURA TALLERES AVELLANTAMENTO ACTIVO	2260902	201000092031	2.040,00	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES
20/12/10	ARREGLO FLORAL ACTO CLAUSURA TALLERES	2260902	201000092398	250,01	FLORES Y PLANTAS VALLE FRAGOSO
01/12/10	INFORMACIÓN SENSIBILIZACIÓN ALUMNOS DE 3 CENTROS DE ENSINO	2279908	201000086517	2.160,00	MADRO
09/12/10	OBRADOIROS PREVENCIÓN ESCOLARA NON PASA NADA PASA ALGO	2279908	201000088730	3.240,00	ERGUETE
09/12/10	DISPOSITIVO DO FRIO	2279909	201000088796	8.154,31	ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5
20/12/10	DISPOSITIVO DO FRIO LIMPEZA E CONTROL INSTALACIÓNS	2279909	201000092501	4.185,46	HERVAS ARJONA SERVICIOS, S.L.
27/12/10	COCTEL ENTREGA PREMIOS CREACIÓN ARTISTICA	2279909	201000095507	840,00	BOTAS FERNANDEZ (MARCO)
27/12/10	CAFÉ E ALIMENTOS USUARIOS DISPOSITIVO DO FRIO	2279909	201000095510	4.257,36	ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5
15/12/10	TALLERES PREVENCIÓN VIOLENCIA DE XÉNERO E MEDIACIÓN INTERCULTURAL	2279917	201000090837	21.239,00	MARCELA CLAUDIA D'AMBROSIO
21/12/10	SISTEMA ARQUIVO MOBIL	6250000	201000094003	16.998,84	MUEBLES TORRADO, S.L.
22/12/10	MOBILIARIO NOVOS DESPACHOS UBAS PRAZA PRINCESA	6250000	201000094719	7.467,00	OFI CENTER S.L.
16/12/10	SISTEMA ARQUIVO MOBIL UBAS MARTINEZ GARRIDO	6250001	201000091312	16.998,84	MUBLES TORRADO, SLU
21/12/10	MOBILIARIO ZONA INFANTIL UBAS RIVERA ATIENZA	6250001	201000094067	17.999,45	MONTES COMERCIAL S.L.
22/12/10	MOBILIARIO COMPLEMENTARIO UBAS PRAZA PRINCESA	6250001	201000094717	10.352,00	OFI CENTER S.L.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2(21).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL. EXPTE. 74838/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.2010, e co informe do Interventor Xeral do 29.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Adxudicar á mercantil IMES-API, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 74838/210. por un prezo total de 1.800.000 euros (IVE incluído), e unha baixa porcentual única para os prezos unitarios fixados no cadro de prezos do prego de prescricións técnicas do 7%.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

3(22).- AUTORIZACIÓN “PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A.” PARA A MODIFICACIÓN DOS SEUS ESTATUTOS. EXPTE. 3466/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, do 17.12.2010, conformado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autoriza á sociedade “Pazo de Congresos de Vigo, S.A.” a modificación dos apartados (a) e (b) do artigo 5 dos seus Estatutos sociais con texto “literal” contido na certificación do Secretario do Consello de Administración da Sociedade da Acta da Xunta Extraordinaria e Universal de 24 de setembro de 2010.”

**4(23).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:
A)MOVEXVIAL. EXPTE. 3432/241**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 28.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a MOXEXVIAL, S.L. a fianza de 6.168,40 € constituída para responder das obras de ampliación de saneamento en Coruxo xa que foron recibidas mediante acta de 17.10.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B)LINORSA. EXPTE. 3506/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 10.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A. a fianza de 93.545,65€ constituída para responder do servizo de limpeza de colexios e escolas públicas, xa que os servizos se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

C) SERCOYSA. EXPTE. 3504/241

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 10.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. a fianza de 17.770,54€ constituída para responder das obras de “Reurbanización da Praza de Eduardo Chao” xa que as obras foron recibidas mediante acta de 5.12.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

D) CESP. EXPTE. 3465/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 10.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a CESP, S.A. a fianza de 2.103,21€ constituída para responder do servizo de “conservación e reposición dos parques forestais”, e por importe de 1.264,31€ para responder do “servizo de mantemento do campo de fútbol de Balaídos” e a CESP CIA. ESPAÑOLA DE SERVICIO PÚBLICO Y AUXILIARES, S.A. a fianza de 3.879,96€ para responder do “servizo de axardiñamento da rúa Atalaya-Vigo” e por importe de 3.252,36€ para responder das “obras de acondicionamento do Boulevard de Gran Vía”, xa que as obras e servizos foron recibidos mediante acta de 11.01.2010 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

E) TROBEIRO. EXPTE. 3505/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 10.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a TROBEIRO, S.L. a fianza de 14.720,00 € constituída para responder da xestión da Escola de Música de Vigo, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

F) SPIM. EXPTE. 3490/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 5.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SPIM, S.L. a fianza de 2.478,45€ constituída para responder da redacción de plan de transporte de Vigo xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

5(24).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE MURO DE CONTENCIÓN EN GONDERÁN”. EXPTE. 1817/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da área de Servizo Xerais, do 12.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra **ACONDICIONAMENTO DE MURO DE CONTENCIÓN EN GONDERÁN**.
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da obra.
3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: **D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ**.

RECURSOS HUMANOS

6(25).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS Ó PERSOAL DE DIVERSOS SERVIZOS, CORRESPONDENTES AOS MESES DE XULLO E NOVEMBRO 2010. EXPTE. 20331/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnico de Organización e Planificación de RR.HH., do 4.01.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 11.01.2011, co conforme do Interventor Xeral Actal., a Xunta de Goberno local acorda:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de XULLO E NOVEMBRO-2010 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De Jesús Carballo Magariños a Florentino Prieto Domínguez	xullo	187,00
Parque Central	De Emilio Aira Pereiro a Bernardo Rodríguez Lestón	Xullo	286'00
Vías e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a José Vázquez de Francisco	Xullo	297,00
Limpieza	De Angel Alonso González a Manuel Quintas Pérez	Xullo	211'00
Parque Móbil	De Angel Alonso González a Florentino Prieto Domínguez	Xullo	365'00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Xullo	667'00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Xullo	97'00

Alcaldía (Conductores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Novembro	332'00
OSPPIO	De Angel Ferro Mancho a Loreto Romero Gil-Delgado	Xullo	169'00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Eugenio Matilde Viñas	Xullo	95'00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Novembro	135'00
Extinción Incendios	De Mª Luz Palmás Calvar	Xullo	29'00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Xullo	35'00
Policia Local (Xulgados)	De Constante Alonso Caride a Francisco José Vila Campos	Novembro	1256'00
Policia Local (Horas en exceso)	De José Luis Alonso Moreira a Ramón Vidal Macía	Novembro	724'05
Patrimonio Histórico	Luciano Cuervo Comonte	Xullo	14'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 41.982,532 € (CORENTA E UN MIL NOVECENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

7(26).- RENOVACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE CEDRO ANTE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, SEGUNDO DECRETO 12/2009. EXPTE. 59265/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Benestar Social, do 17.01.2011, conformado pola concelleira da área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Solicitar a renovación da autorización de CEDRO ante a Consellería de sanidade segundo decreto 12/2009.
- 2.- Facultar á concelleira-delegada de Benestar Social, María Xosé Méndez Piñeiro, a sinatura dos documentos necesarios para a citada solicitude.

8(27).- MANTER O DESCANSO OBRIGATORIO DE AUTOTAXIS E PROPOÑER Ó PLENO UNHA PRORROGA DO DESCANSO OBRIGATORIO DE AUTOTAXIS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 78050/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Transportes, do 16.01.2011, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Manter o descanso obrigatorio de autotaxis da cidade de Vigo e propoñer o Pleno da Corporación a prorroga do DESCANSO OBRIGATORIO DE AUTOTAXIS DA CIDADE DE VIGO, de conformidade coas condicións fixadas na “ Disposición Complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector de Autotaxi” aprobada por Acordo Plenario de data 6 de setembro de 2010 , publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 29 de setembro de 2010.

9(28).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D. PEDRO TREPAT SILVA, EN REPRESENTACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA, CONTRA AS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISION CON CARACTER INTERINO DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE IGUALDADE. EXPTE. 21740/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 17.01.2011, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado por D. Pedro Trepas Silva en representación do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia en escrito de data 10/01/2011 (nº de rexistro de entrada 110001992) contra as bases reitoras do proceso selectivo para a provisión con carácter interino de 1 praza de técnico/a de Igualdade, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/12/2010, en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Concelleira-delegada da Área de Igualdade, Sra. Presidenta do órgano de selección para a provisión con carácter interino da praza de técnico/a de Igualdade, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do seguinte acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

10(29).- PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE DAS OBRAS DO “PROXECTO DE REFORZO DE ESTRUCTURA DE FORXADO NA PRAZA DO PROGRESO”. EXPTE. 5250/551.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do asesor en materia de Mercados do Concello de Vigo, do 14.01.2010, conformado polo tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras do “proxecto de reforzo de 403,13 m2 de estrutura de forxado en la praza del progreso pem 89.958'79 €” presentado por ORECO SA coma adxudicataria das obras e informado favorablemente polo coordinador en materia de seguridade e saúde, D. Jesús Damiá Rodríguez.

SEGUNDO.- O Plan de seguridade e saúde deberá estar na obra a disposición permanente da dirección facultativa da mesma, da Inspección de Traballo e dos técnicos dos órganos especializados en materia de seguridade e saúde nas Administracións públicas competentes, de acordo co establecido nos artigos 7.5 e 19 do RD 1627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

TERCEIRO.- Aprobar o nomeamento dos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso coma supervisores municipais das obras.

11(30).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 11.06 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.